Polystichum setiferum (Forssk.) Moore ex Woyn., 1913

- fentalla, fentaña
- helecha, píjaro
- iratze biguna
- falguera tova
- hedge fern, soft shield fern
- feto mole



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Monilophyta	**Equisetopsida**	**Polypodiales**	**Polypodiaceae**	***Polystichum***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Fento perenne. Posúe un sistema de raíces fibrosas, que parten dun rizoma curto e erecto, cuberto de escamas pardas e lixeiramente emerxente. As follas son longas, bipinnadas e moi divididas. Presentan cores verde claro e unha textura branda e flexible. Forman unha roseta ampla e arqueada, moi decorativa. O pecíolo presenta abundantes escamas douradas. As esporas dispóñense en soros redondeados, cubertos por un indusio peltado (en forma de escudo) e situados na face inferior das frondes.

HÁBITAT

Bosques caducifolios, carballeiras, vales e noiros. Prefire solos frescos e ambientes sombríos.

DISTRIBUCIÓN

Europa occidental e meridional, norte de África e illas macaronésicas.

CURIOSIDADES

Asóciase a ecosistemas pouco alterados (bo bioindicador) e é un dos fentos máis ornamentais de Europa.